



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA (VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA-SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO, PARA O IMPULSO DA IGUALDADE E DA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO DO DEPORTE PROFESIONAL EN GALICIA

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

Na Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establécese que "o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia na materia obxecto desta Lei"

(2) Antecedentes:

No desenvolvemento do seu traballo, a Secretaría xeral da Igualdade ten detectado que o deporte desempeña un papel importante no desenvolvemento da sociedade e grazas ao seu potencial educativo, é preciso aproveitar e orientar esta influencia cara á consecución da tolerancia, da igualdade e da non violencia como valores que marquen o camiño a seguir, tanto na sociedade en xeral como no mundo do deporte. A actividade deportiva practicada de forma xusta e equitativa enriquece a sociedade, ofrece a oportunidade a quen a practica de coñecerse mellor, de expresarse, de conseguir éxitos persoais, de adquirir habilidades e de demostrar as súas capacidades. A actividade física e o deporte, contribúen, por tanto, ao desenvolvemento individual e da comunidade, fomentando a participación, a integración e a responsabilidade na sociedade.





Ademais compete aos poderes públicos a loita para a prevención e erradicación de todas estas manifestacións de violencia, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

(3) Finalidade

Para os efectos sinalados, con data 14 de novembro de 2018 formalizouse coa Federación Galega de Baloncesto, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O Acordo ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Federación Galega de Baloncesto, no impulso da igualdade entre mulleres se homes e no traballo na loita contra a violencia de xénero no ámbito do baloncesto profesional en Galicia

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración Federación Galega de Baloncesto, para impulsar a igualdade entre mulleres se homes e traballar na loita contra a violencia de xénero, no ámbito do baloncesto profesional en Galicia





A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é impulsar a prevención e a detección do acoso sexual no entorno laboral

(6) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do acordo de colaboración para articular as actuacións de referencia, quedando o dito acordo fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

